



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

REGISTRO XERAL
SAIDA

Asunto:	Expediente ocupación
Expediente	
Interesado	Manuel Carrajo Cortés Construcciones Hermanos Carrajo, S.A. Travesía de Sousas, 21 32600 VERÍN

Notifícole que en data 18 de maio de 2006, o director xeral de Montes e Industrias Forestais, ditou a seguinte resolución:

"EXAMINADO o expediente de ocupación temporal de 61,88 ha. de terreo do monte vecinal en man comén "Montes do Rosal" pertencente á Comunidade de Montes de O Rosal, promovido pola empresa "Construcciones Hermanos Carrajo,S.A", para a explotación da canteira "O Facho, procedo a resolver en base nos seguintes feitos:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Con data 8 de marzo de 2005, a empresa "Construcciones Hermanos Carrajo,S.A", solicitou na Delegación Provincial do Servizo de Montes de Ourense, a ocupación de terreos no monte vecinal en man comén, denominado "Montes do Rosal", para renovación e ampliación da ocupación de explotación da canteira "O Facho".

2.- O 28 de novembro de 2003, a Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio aprobou a explotacion FACHO, nº 293 de cuarcitas para áridos.

3.- A Xunta Rectora da Comunidade de Montes en Man Común de O Rosal na súa reunión de 18 de marzo de 2002, aprobou o acordo coa empresa solicitante para o arrendamento da superficie do monte necesaria para a explotación da canteira e facultou ao Presidente para asina-lo contrato, o que fixeron o 20 de maio de 2002, sendo a duración do mesmo ata o 31 de decembro de 2006.

4.- O Servizo de Montes e Industrias Forestais do Ourense valorou os danos e perdas que se estima sufrirá o monte e redactou o Prego de Condicóns da ocupación, que foi aceptado tanto pola empresa solicitante como pola Comunidade propietaria.

5.- Con data de 12 de maio de 2005 o Servizo de Montes e Industrias Forestais, asina a memoria para a ocupación de 61,88 Has. de terreno para a realización da canteira e informa favorablemente a ocupación solicitada.

6.- En data de 31 de maio de 2005, o servizo de Montes e Industrias Forestais da Coruña deulle trámite de audiencia aos eventuais beneficiarios da ocupación e á comunidade vecinal, iniciándose a partir do día seguinte á recepción das correspondentes comunicacóns, sen que se presentaran alegacóns.



7.- O 12 de xullo de 2005 foi emitido informe polo servizo técnico xurídico da delegación provincial de Ourense, fixándose o valor do voo en 19.381,35 euros.

8.- O 14 de xuño de 2005 foi ingresado o importe correspondente á valoración do voo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO: O expediente foi instruído conforme ao disposto nas normas legais aplicables, en particular conforme ao establecido na Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común; na Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989.

SEGUNDO: De acordo co disposto nos Reais Decretos 167/1981, do 9 de xaneiro; 1706/1982, do 24 de xullo, e 1535/1984, do 20 de xuño, sobre transferencias de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, co Decreto 562/2005, polo que se establece a estructura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria e segundo o establecido no artigo 7 do Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989 é competente para resolver este expediente a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

TERCEIRO: O artigo 7.1 do Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, establece que “poderán establecerse ocupacións e servidumes, previo expediente no que se acredite a compatibilidade das mesmas co fin e a utilidade pública que cualifica ao monte, para os efectos do que a delegación provincial correspondente redactará a oportuna memoria. Nesta memoria determinarase a extensión puramente indispensable á que se debe contraer a ocupación ou servidume, a imposibilidade da súa ubicación fora do monte; especificaranse os danos e perdas que deben producirse a que, valorados, xustificarán o prezo da ocupación ou servidume, e se proporán as condicións nas que deban outorgarse, acompañando plano debidamente autorizado da parte do monte afectada.”

CUARTO: O artigo 7.2 do Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, establece que “a delegación provincial dará auriencia no expediente, polo termo de quince días, aos eventuais beneficiarios da ocupación ou servidume e ao comunidade veciñal, elevando seguidamente as actuacións, co seu informe, á Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.”

QUINTO: O artigo 7.3 do Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, establece que “o consentemento da comunidade veciñal é necesario para autorizar ocupación nos montes. Cando esta se opusera, a delegación provincial



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

correspondente, sen máis trámite, dará por concluso o expediente, comunicando aos interesados non haber lugar ao solicitado.”

SEXTO: Constando que a delegación provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio aprobou o 28 de novembro de 2003 a explotación FACHO, nº 293 de cuarcitas para áridos e que a comunidade veciñal non manifestou o seu desacordo co proxecto considérase que procede a aprobación do mesmo con suxección ao Prego de Condicións que forma parte do expediente.

Polo exposto, e

VISTOS: A documentación que consta no expediente de referencia, fundamentalmente os informes do Servizo de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial; tendo así mesmo en conta o consentimento da comunidade veciñal afectada; así como segundo o disposto na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man comén de Galicia e o Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man comén.

RESOLVO: AUTORIZAR A OCUPACIÓN de 61,88 hectáreas do monte veciñal en man comén “Montes do Rosal” pertencente á Comunidade de Montes de O Rosal, promovido pola empresa “Construcciones Hermanos Carrajo,S.A”, para a explotación da canteira “O Facho”, con suxección ao Prego de Condicións que forma parte do expediente.

Contra esta resolución cabe interpor recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación de conformidade co establecido no artigo 107 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo comén, reformada pola Lei 4/1999.

Notifíquese aos interesados segundo a lexislación vixente.”

O que lle notifíco para os efectos oportunos, a teor do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo comén, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2006

O subdirector Xeral de Recursos Forestais



José Luis Chan Rodríguez